




# Concello da Coruña

Área / Unidade CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI03AG	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/9811/2026 28/05/2026
Código de verificación  1H0R 4H33 4529 2L01 07YV	Expediente 741/2026/981	
	Fecha 27-05-2026	

**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

## RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI039S de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 26.05.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 51, departamento 22º, ringleira 1ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Victoria Nieto Rodríguez e Álvaro Nieto Rodríguez, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 3 de xullo de 2001; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

**SEGUNDO:** INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 51, departamento 22º, ringleira 1ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro.

**Os restos existentes na instalación funeraria serán trasladados ao osario municipal, consonte ao establecido no artigo 21.2 g) do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feans-Mesoiro, se vostede non solicita a exhumación no prazo de 15 días naturais a contar a partir da notificación da presente resolución.**

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández  
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)